

Índice de confianza do consumidor. Xullo 2007.

COMUNICADO

Mellora a percepción dos consumidores acerca da situación económica.

Melloran as perspectivas de evolución da situación financeira persoal e económica de Galicia.

Os saldos referentes ás perspectivas de evolución (durante os próximos doce meses) da situación económica do fogar e xeral de Galicia melloran no mes de xullo de 2007 en 3,8 e 4,1 puntos ,respectivamente, con respecto ao dato de xuño. No seguinte gráfico vemos a evolución durante os últimos meses.



Melloran as perspectivas de evolución do emprego.

O saldo referente ás perspectivas de evolución do emprego, experimenta en xullo unha lixeira mellora (sobe 1,5 puntos) con respecto ao mes de xuño e acada un valor de 11,6. Este valor supera en 10,7 puntos ao dato do mes de xullo de 2006 e representa un dos valores máis positivos acadados por este indicador dende que comezara a elaborarse a enquisa no ano 2003.

Prosegue a tendencia ascendente do Índice de Confianza (ICC) e do Índice de Sentimento (ISC)

O Índice de Confianza do Consumidor (ICC) acada en xullo de 2007 un valor de -9,8. Este saldo supón unha mellora de 2,1 puntos con respecto ao dato de xuño de 2007 e representa o mellor valor acadado por este índice dende xuño de 2004.

O Índice de Sentimento do Consumidor (ISC) tamén mellora no mes de xullo, superando en 3,9 puntos o valor acadado en xuño e en 6 puntos o valor acadado en xullo de 2006. No caso deste índice, cuxo valor en xullo é -18,1, habería que remontarse ata setembro de 2003 para atopar un valor máis positivo.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0
Xullo	-9,8	-18,1

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>